

**A C T A 18/2019**

**SESIÓN EXTRAORDINARIA PLENO MUNICIPAL**

**- 16 DE DECEMBRO DE 2019 -**

Na Casa do Concello, a dezaseis de decembro de dous mil dezanove, reúnen-se en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

**ASISTENTES:**

**Alcalde:**

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Concelleiros/as:**

D.<sup>a</sup> Iria Otero Romero  
D. Xosé Ignacio Iglesias Villar  
D.<sup>a</sup> María López Álvarez  
D. José Manuel Guerra Calvelo  
D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey  
D.<sup>a</sup> María Dolores Nariño Facal  
D.<sup>a</sup> María Teresa Castro Framil  
D.<sup>a</sup> Lucía Calvo de la Uz  
D.<sup>a</sup> Margarita Rosende Domínguez  
D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia  
D. Roberto Moñino Gil  
D.<sup>a</sup> María Josefa Argibay da Silva  
D. José Manuel Elías Noya  
D. Manuel Anxo Fernández Baz  
D.<sup>a</sup> Carmen Diéguez González

**Non asiste, previa escusa:**

D. Antonio Reyes Sánchez Crespo

**Secretaría xeral:**

D.<sup>a</sup> Virginia Fraga Díaz

**Interventora:**

D.<sup>a</sup> Mónica I. Lado Varela

**ORDE DO DÍA:**

**1.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+2020”.**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto.

O sr. alcalde desculpa a ausencia do concelleiro do PP, D. Antonio Reyes Sánchez Crespo, sinalando que por motivos laborais vai a chegar un pouco máis tarde, pasándose a continuación a tratar o asunto incluído na orde do día que figura na convocatoria, que é o seguinte:

**1.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA UNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+2020.**

O sr. alcalde cede a palabra ao concelleiro de infraestruturas, D. Roberto Moñino Gil.

O sr. Moñino explica que o importe é sensiblemente inferior a outros anos e o prazo foi reducido porque a proposta por parte da Deputación saíu algo máis tarde que outros anos e sen embargo o prazo de presentación é practicamente o mesmo. Sinala que como hai concelleiros/as novos/as hai que explicar que dende a lexislatura anterior a maioría dos proxectos se redactan polos servizos técnicos do concello, porén cando esto se iniciou había tres técnicos, e agora hai dous porque un se xubilou, tratándose dunha praza que se debe cubrir canto antes.

O sr. Moñino da conta da proposta da alcaldía de 4 de decembro de 2019, que se recolle a continuación, modificada e ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 11 de decembro de 2019.

### “PROPOSTA DA ALCALDÍA

#### **Asunto: Acordo de aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020”**

Vistas as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos), “POS+ 2020”, publicadas no BOP nº 208, de 31/10/2019.

Tomando en consideración as necesidades municipais así como as suxerencias veciñais e dos partidos con representación institucional no Concello de Teo, propónse ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

Tomando en consideración estes antecedentes, propónse ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2020”, “achega provincial 2019” e “préstamo provincial 2020”:

#### **A) Financiamento de investimentos:**

<b>ACHEGA PROVINCIAL 2020</b>	<b>Financiamento do investimento</b>		
<b>Denominación da obra ou subministración</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Orzamento total</b>
BOMBEO DE SANEAMENTO EN CAXADE (LUOU)	349.603,54	48.970,99	398.574,53
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2020</b>	<b>349.603,54</b>	<b>48.970,99</b>	<b>398.574,53</b>

<b>ACHEGA PROVINCIAL 2019</b>	<b>Financiamento do investimento</b>		
<b>(Investimentos financeiramente sostibles)</b>	<b>Financiamento do investimento</b>		
<b>Denominación da obra ou subministración</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Orzamento total</b>
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DE VIARIO MUNICIPAL EN VILAR E AUGAS	84.607,25	13.933,34	98.540,59

MANSAS			
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2019</b>	<b>84.607,25</b>	<b>13.933,34</b>	<b>98.540,59</b>

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
MODIFICADO DO PROXECTO DE CLIMATIZACIÓN DO CSC DA RAMALLOSA	86.959,17	16.169,69	103.128,86
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DE VIARIO MUNICIPAL EN A PEDRA	97.580,42	18.144,66	115.725,08
<b>Subtotal investimentos préstamo provincial 2020</b>	<b>184.539,59</b>	<b>34.314,35</b>	<b>218.853,94</b>

Aprobar os proxectos das obras incluídos no POS+ 2020 e que se relacionan nestas táboas.

**b) Redución de débeda con entidades financeiras:**

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de “préstamo provincial 2020” aplicado á redución da débeda
IDAE/BANCO SABADELL	MM1102 PRESTAMO INCREMENTO 55100000  00058	134.733,05
<b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b>		<b>134.733,05</b>

**c) Resumo:**

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
a- INVESTIMENTOS	<b>Achega 2020</b>	349.603,54	48.970,99	398.574,53
	<b>Achega 2019</b>	84.607,25	13.933,34	98.540,59
	<b>Préstamo 2020</b>	184.539,59	34.314,35	218.853,94
b- REDUCIÓN DÉBEDA	<b>Préstamo 2020</b>	134.733,05		134.733,05

<b>TOTAL</b>	<b>Achega 2020</b>	349.603,54	48.970,99	398.574,53
	<b>Achega 2019</b>	84.607,25	13.933,34	98.540,59
	<b>Préstamo 2020</b>	319.272,64	34.314,35	353.586,99
	<b>TOTAL</b>	<b>753.483,43</b>	<b>97.218,68</b>	<b>850.702,11</b>

**Segundo.-** Aprobar o Plan Complementario do ano 2020 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos :

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DE VIARIO MUNICIPAL EN CHAVES	38.014,96
PROXECTO DE EXECUCIÓN DA REFORMA E AMPLIACIÓN DA CASA COMÚN DE OZA	256.243,02
SANEAMENTO EN CASALONGA	198.262,71
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DE VIARIO MUNICIPAL EN FORNELOS	40.838,26
URBANIZACION DO NÚCLEO DE CASTRO	230.384,00
REURBANIZACIÓN DE PARQUE MONTOUTO	380.133,60
<b>TOTAIS</b>	<b>1.143.876,55</b>

**Terceiro.-** Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

**Cuarto.-** Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.

**Quinto.-** Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

**Sexto.-** Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

**Sétimo.-** Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**Octavo.-** Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente, incluíndo a aprobación, no seu caso, das correspondentes modificacións dos proxectos de obra recollidos nesta proposta”.

Explica o sr. Moñino que dada a premura na redacción, houbo outros proxectos que non se puideron redactar, polos motivos expostos de prazos e algún por motivos particulares como que o topográfico que había non reunía as condicións como para facelo, engadindo que cree recordar que son os viarios en Mallos, o núcleo de Lamas en Bamonde, viario de Insúa e os viarios que había nun conxunto que era Pazos, Monsecelo e Samar.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Fernández, amosa o apoio do seu grupo. Lamenta que queden fora obras importantes como o caso de Insúa, porque aquela estrada clama o ceo, e outras como Samar, Monteselo e Pazos. Sinala que no Plan complementario ven obras moi importantes como a reurbanización de parque Montouto, o núcleo de Castro, a ampliación da casa común de Oza, e o saneamento en Casalonga, actuacións que absorven case toda a cantidade asignada ao Plan complementario. Remata o sr. Fernández reiterando o apoio do seu grupo á proposta, engadindo que agardan que se executen como corresponde.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen sinala que, tratándose da casa común de Oza, os veciños lle comentaron a ver se cando se faga a ampliación poden ter ao seu dispor, se é posible, un local alí para gardar cousas, como as da comisión de festas ou outras cousas relacionadas coa parroquia

O sr. Moñino, en relación co dito polo sr. Fernández, sinala que é verdade que hai obras que quedaron e existe un adicional máis amplo que en anos anteriores, porén cando chegue a primavera se verá se hai un adicional cuantioso.

O sr. alcalde sinala que, como xa se sabe, a xustificación deste Pleno extraordinario, cando hai un ordinario o día 23, ven dada pola necesidade de que o xoves estean subidos á plataforma da Deputación os proxectos con todos os documentos que os teñen que acompañar.

Os/as concelleiros/as non fan uso da segunda quenda de intervencións.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con dez votos a favor (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e seis abstencións (6 PP), acorda:**

**Primeiro.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2020”, “achega provincial 2019” e “préstamo provincial 2020”:**

**A) Financiamento de investimentos:**

ACHEGA PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
BOMBEO DE SANEAMENTO EN CAXADE (LUOU)	349.603,54	48.970,99	398.574,53
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2020</b>	<b>349.603,54</b>	<b>48.970,99</b>	<b>398.574,53</b>

<b>ACHEGA PROVINCIAL 2019</b>	<b>Financiamento do investimento</b>		
<b>(Investimentos financeiramente sostibles)</b>			
<b>Denominación da obra ou subministración</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Orzamento total</b>
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DE VIARIO MUNICIPAL EN VILAR E AUGAS MANSAS	84.607,25	13.933,34	98.540,59
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2019</b>	<b>84.607,25</b>	<b>13.933,34</b>	<b>98.540,59</b>

<b>PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020</b>	<b>Financiamento do investimento</b>		
<b>Denominación da obra ou subministración</b>	<b>Préstamo</b>	<b>Achega</b>	<b>Orzamento total</b>
	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	
MODIFICADO DO PROXECTO DE CLIMATIZACIÓN DO CSC DA RAMALLOSA	86.959,17	16.169,69	103.128,86
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DE VIARIO MUNICIPAL EN A PEDRA	97.580,42	18.144,66	115.725,08
<b>Subtotal investimentos préstamo provincial 2020</b>	<b>184.539,59</b>	<b>34.314,35</b>	<b>218.853,94</b>

Aprobar os proxectos das obras incluídos no POS+ 2020 e que se relacionan nestas táboas.

**b) Redución de débeda con entidades financeiras:**

<b>Entidade financeira</b>	<b>Número/código do préstamo</b>	<b>Importe de "préstamo provincial 2020" aplicado á redución da débeda</b>
IDAE/BANCO SABADELL	MM1102 PRESTAMO INCREMENTO 55100000  00058	134.733,05
<b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b>		<b>134.733,05</b>

**c) Resumo:**

<b>SUBTOTALS</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Total</b>
<b>Achega 2020</b>	349.603,54	48.970,99	398.574,53



<b>a- INVESTIMENTOS</b>	<b>Achega 2019</b>	84.607,25	13.933,34	98.540,59
	<b>Préstamo 2020</b>	184.539,59	34.314,35	218.853,94
<b>b- REDUCCIÓN DÉBEDA</b>	<b>Préstamo 2020</b>	134.733,05		134.733,05
<b>TOTAL</b>	<b>Achega 2020</b>	349.603,54	48.970,99	398.574,53
	<b>Achega 2019</b>	84.607,25	13.933,34	98.540,59
	<b>Préstamo 2020</b>	319.272,64	34.314,35	353.586,99
	<b>TOTAL</b>	<b>753.483,43</b>	<b>97.218,68</b>	<b>850.702,11</b>

**Segundo.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2020 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos :**

<b>Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)</b>	<b>Orzamento</b>
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DE VIARIO MUNICIPAL EN CHAVES	38.014,96
PROXECTO DE EXECUCIÓN DA REFORMA E AMPLIACIÓN DA CASA COMÚN DE OZA	256.243,02
SANEAMENTO EN CASALONGA	198.262,71
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DE VIARIO MUNICIPAL EN FORNELOS	40.838,26
URBANIZACION DO NÚCLEO DE CASTRO	230.384,00
REURBANIZACIÓN DE PARQUE MONTOUTO	380.133,60
<b>TOTAIS</b>	<b>1.143.876,55</b>

**Terceiro.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.**

**Cuarto.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.**

**Quinto.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.**

**Sexto.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.**

**Sétimo.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

**Octavo.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente, incluíndo a aprobación, no seu caso, das correspondentes modificacións dos proxectos de obra recollidos nesta proposta.**

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e doce minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz